



Asociación Área Empresarial do
T A M B R E

NOTA DE PRENSA

A Asociación Área Empresarial do Tambre inicia unha campaña de recollida de alimentos para o Banco de Alimentos de Santiago

Os puntos de recollida están abertos a partir de hoxe na explanada do Centro Empresarial do Tambre, no Cash Galicia e Cash Record e no propio Banco de Alimentos

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020 (Vía Láctea Comunicación).- A Asociación Área Empresarial do Tambre (AAET) pon en marcha desde hoxe luns unha campaña de recollida de alimentos a favor do Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

A crise sanitaria que se está a vivir actualmente, causada pola pandemia da covid-19, desencadeou unha crise económica na que moitas persoas están a ter dificultades para acceder a bens básicos e mesmo a alimentos.

A Asociación considera que todas as persoas poden contribuír a mudar esta situación. Os interesados en botar unha man poden deixar alimentos nos diferentes puntos de recollida dispersos pola Área Empresarial do Tambre:

- Punto de recollida, situado na explanada ao carón do Centro Empresarial do Tambre (*vía Edison, 1*)
- Cash Galicia, na *rúa País Vasco, 19* (zona A SIONLLA)
- Cash Record, na *vía Edison, 20* (zona TAMBRE)
- Banco de Alimentos de Santiago (*vía Edison, 8*)

A campaña está aberta a todos os asociados e asociadas do entidade empresarial, é dicir, aos empresarios e traballadores, ademais de a calquera cidadán que queira colaborar. A iniciativa dispón dun cartel informativo que as empresas do polígono poden poñer nunha zona visible das súas instalacións para favorecer a participación.

NOTA.- Inclúe cartel da campaña e fotografía do punto de recollida da explanada do Centro Empresarial do Tambre

SAÚDOS
PRENSA Área Empresarial do Tambre
981 55 44 07/ 698137890